

# Quen goberna a localidade?

Unha localidade e o terreo que hai arredor dela forman un **municipio**. Cada municipio está gobernado por un **concello**.

## O concello

O concello está formado polas seguintes persoas:

- O **alcalde** ou a **alcaldesa**.
- Os **concelleiros** e as **concelleiras**.

Estes homes e mulleres son elixidos polos habitantes do municipio.

## Os servizos do municipio

As persoas dun municipio necesitan servizos como a recollida do lixo ou a iluminación das rúas. O concello encárgase de organizar os **servizos municipais** e, tamén, as festas da localidade.

Moitas persoas traballan nos servizos municipais. Por exemplo:



Tamén se chama concello ou casa do concello o edificio onde se reúne o goberno.



A condutora do autobús.



Os bombeiros, que apagan o lume.



Os xardineiros, que coidan os parques e os xardíns.

1 Une.

concello

- Está formado por unha localidade e o terreo que hai arredor dela.

municipio

- Está formado polas persoas que gobernan a localidade.

2 Arrodeas as persoas que traballan nos servizos municipais.



3 **TEMPO PARA FALAR.** Explicade que servizo presta a biblioteca aos veciños da localidade.



O concello está formado polo alcalde ou a alcaldesa e os concelleiros e concelleiras, que gobernan o municipio e organizan os servizos municipais.